



## **BASES CONVOCATORIA ERASMUS+ MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN**

### **XANEIRO - XUÑO 2017**



#### **CIFP Portovello**

r/ Luis Trabazos, 1 Ourense  
CP 32004 Ourense  
Tfno. 988232649, Fax 988224420  
cifp.portovello@edu.xunta.es  
<http://www.cifpportovello.es>

#### **I.E.S. 12 DE OUTUBRO**

Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988213619 Fax: 988213722  
12octubreeuropa@gmail.com  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ies12outubro/>

#### **CIFP A Farixa**

Rúa das Laxas, s/n  
32005 Ourense  
Teléfono: 988236552 Fax: 988236552  
programaseuropeos@farixa.es  
<http://www.farixa.es>

#### **CIFP A Carballeira**

Praza da Lexión, s/n  
32002 Ourense  
Teléfono: 988 788 740  
ies.carballeira@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/iescarballeira/>



# **BASES CONVOCATORIA ERASMUS+ MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN**

## **XANEIRO - XULLO 2017**

Convocatoria de selección: **ERASMUS+ 2016-2018**

Nº de PROXECTO: **2016-1-ES01-KA103-023834**

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA PERSOAL EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

### **BASES DA CONVOCATORIA**

O Consorcio FP Sup. Ourense - Europa abre unha convocatoria para asignar CATRO (4) bolsas de mobilidade para persoal de ciclos superiores en calquera dos centros socios do Consorcio e que queiran realizar actividades de formación no estranxeiro (o reparto de bolsas para cada centro do Consorcio está reflectido na acta nº 24 con data 27 de setembro do 2016 do O Consorcio FP Sup. Ourense - Europa).

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA1) de Mobilidade de persoal para formación de Educación Superior do Programa ERASMUS+, son xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, e están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

Este proxecto consiste na realización dunha mobilidade de ata cinco días en empresas ou centros con carta ECHE relacionados cos estudos das familias profesionais ofertadas nos centros de ensino do Consorcio.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no estranxeiro que axude a mellorar a súa labor docente.

Existen bases complementarias de cada centro do Consorcio especificando aspectos de baremación e de selección.

O Consorcio FP Sup. Ourense - Europa asesorará en todo o proceso ao persoal a través do seu centro de ensino.

## 1. ASPECTOS XERAIS

---

### **Dirixido a:**

Persoal e profesorado dos ciclos superiores dos centros do Consorcio para a realización de actividades formativas no estranxeiro.

### **Lugar:**

O persoal que participe na convocatoria promoverá a realización de convenios con empresas ou centros de ensino do seu interese, sempre que estes cumpran os criterios da convocatoria. A Coordinación de Programas Internacionais xunto cos departamentos (no caso de persoal docente) valorará dito cumprimento.

## 2. PERÍODO DE REALIZACIÓN

---

A Mobilidade se desenvolverá no período entre Xaneiro- Xullo 2017 sempre baixo a aprobación da dirección do seu centro.

## 3. DURACIÓN

---

Ata 5 días (excluídos días da viaxe).

#### 4. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O PERSOAL

- **BOLSAS ERASMUS+:** (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)

##### 1. Viaxe:

Contribución aos gastos de viaxe de persoal baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolve a actividade correspondente, segundo o que se indica a continuación:

<b>Distancia en km.</b>	<b>Cantidade a percibir</b>
Entre 100 e 499 km.	180 euros por participante
Entre 500 e 1999 km.	275 euros por participante
Entre 2000 e 2999 km.	360 euros por participante
Entre 3000 e 3999 km.	530 euros por participante
Entre 4000 e 7999 km.	820 euros por participante
Entre 8000 e 19999 km.	1.100 euros por participante

Medidor de distancias: [http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm)

##### 2. Subsistencia:

As cantidades dependerán do país de destino (segundo o grupo indicado no recadro)

<b>Países de destino</b>		<b>CANTIDADE DIARIA A PERCIBIR</b>
<b><u>Grupo A</u></b>	Dinamarca, Países Baixos, Irlanda, Reino Unido, Suecia.	<b>120 €</b>
<b><u>Grupo B</u></b>	Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Polonia, República Checa, Romanía, Turquía.	<b>105 €</b>
<b><u>Grupo C</u></b>	Alemaña, Antiga República Iugoslava de Macedonia, Eslovaquia, Letonia, Malta, Portugal.	<b>90 €</b>
<b><u>Grupo D</u></b>	Croacia, Eslovenia, Estonia, Lituania.	<b>75 €</b>

## **5. COMITE DE SELECCIÓN**

---

Recollido nas bases complementarias de cada centro do Consorcio.

## **6. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS**

---

Recollido nas bases complementarias de cada centro do Consorcio.

## **7. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

---

O persoal interesado poderá entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o 14 ao 28 de NOVEMBRO de 2016, antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben se pode recoller na secretaría. Xunto co impreso de solicitudes entregárase:

1. Documentos acreditativos da competencia lingüística.
2. Documentos acreditativos de participación en programas/proxectos internacionais.
3. Acreditación da toma de posesión no centro.
4. Proxecto de mobilidade (Anexo II desta convocatoria).
5. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo III).

## **8. RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA**

---

Cada centro membro do Consorcio FP Sup. Ourense - Europa nomeará unha comisión de selección que baremará as solicitudes presentadas.

Finalizado o proceso de baremación asignaranse as prazas ofertadas para cada centro do Consorcio. Publicaranse nas páxinas web de cada centro, as actas da resolución, que incluírán a lista de adxudicacións, a lista de espera e os candidatos non aptos.

Se por causa xustificada algún candidato seleccionado non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta segundo a orde da listaxe de espera.

De existir vacantes nalgún centro do Consorcio, estas se poderán cubrir con persoal das listas de espera doutros centros. Neste caso será o Consorcio quen determine a que centro se lle adxudica a vacante.



**Programa Erasmus+ Consorcio FP Superior Ourense - Europa**  
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**  
**Mobilidade de persoal para formación xaneiro-xullo 2017**

DATOS do/a candidato/a			
Apelidos	Nome	DNI	
Enderezo			
Tel. fixo	email		
Tel. móbil			
Especialidade	Ano Oposición: Antigüidade no Centro:		

Estudos/formación						
Idiomas	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	Superior <input type="checkbox"/>			
Idiomas	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	Superior <input type="checkbox"/>			
Idiomas	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	Superior <input type="checkbox"/>			
Participación previa en programas europeos	SÍ <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>				
Describe esa participación	Nome do programa					
Describe esa participación	Nome do programa					
Describe esa participación	Nome do programa					
Describe esa participación	Nome do programa					

País de destino			
Presenta compromiso de acollida da empresa e proxecto de mobilidade (Anexo III).	Nome do centro		
Correo electrónico	Enderezo		
	País	Teléfono	

Formalización de solicitude e sinatura	
<p>Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense-Europa. N° proxecto 2016-1-ES01-KA103-023834 No caso de seren seleccionado, asumo a responsabilidade de realizar a estada no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estada.</p>	
Sinatura	Data

**Comisión de Selección de Mobilidades de Formación para Profesorado de Ciclos Superiores**





## Anexo II

PROXECTO DE MOBILIDADE	
Obxectivos xerais	
Valor engadido para o centro	
Resultados previstos e impacto da estadía	
Descrición das posibles actividades	
Outras	





## Annex III

### Training commitment

*Name of the candidate:*

*Personal ID n°:*

I, .....(name)....., as legal representative of the company  
 ....., with VAT number  
 ..... I commit to welcoming .....(participant's  
 name)..... as a “staff mobility for training” participant, within  
 the Erasmus + Programme, in the period .....2017.

FOR THE HOST ORGANISATION

*Name:* .....

*Position:* .....

*Telephone:* .....

*E-mail:* .....

Place / date: .....

